



COPIA

PREGUNTA ORAL EN PLENO SOBRE A POSTA EN MARCHA DO REXISTRO DE EDIFICIOS, ASÍ COMO AS INSPECCIÓNS E OS INFORMES TRAMITADOS CONFORME Á ORDENANZA REGULADORA DE 2015

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ordenanza Reguladora do Informe de Avaliación de edificios foi aprobada polo Pleno municipal en marzo de 2015 e entrou en vigor o 10 de xullo de 2015. Na súa disposición adicional primeira sinala que o Concello debería crear un rexistro de edificios e regular a súa organización e funcionamento; e a súa disposición transitoria primeira fixaba o ano 2015 para a obriga de realización dos informes de avaliación das edificacións cunha antigüidade superior aos 70 anos, así como aquelas que pretendan solicitar unha axuda para a rehabilitación ou mellora das vivendas.

No Pleno do mes de outubro de 2015, o Grupo Popular presentou unha pregunta para coñecer as medidas que tiña adoptado o Goberno local para o cumprimento destas determinacións e prazos. A resposta do concelleiro da área de Urbanismo resumiu as accións dicindo que "realmente ata o de agora o que se fixeron foron xestións cos colexios profesionais e estamos pendentes de facer unha campaña informativa a nivel de prensa para o resto de asociacións veciñais e poder difundir a necesidade de facer esa actualización".

Transcorrido máis de un ano desde esa vaga resposta e para coñecer as accións municipais acometidas nesta materia, formulamos a seguinte pregunta:

Ao longo do último ano, que pasos leva dado o Concello para poñer en marcha o rexistro de edificios e regular a súa organización e funcionamento; cantos informes de avaliación de edificacións de máis de 70 anos se teñen tramitado, cantas inspeccións se teñen realizado ao respecto e cantos particulares achegaron informes para o rexistro de edificios, en cumprimento co requisito establecido para concorrer a determinadas subvencións?.

Santiago, a 3 de novembro de 2016

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela